

Exercicio de creación de tenda virtual con Prestashop

Utilizando a plataforma prestashop versión 1.7 o alumnado debe crear unha tenda online para un negocio da súa invención de acordo coas seguintes pautas:

Modifica o tema gratuito que ofrece o prestashop cos teus datos:

- Nome da tenda.
- Logo da tenda (podes crear logos personalizados en: freelogoservice.es)
- Moeda predeterminada a usar na tenda.
- Información da empresa/datos de contacto.
- Carrusel de imaxes.
- Páxinas:
 - Sobre nos
 - Entrega
 - Aviso legal
 - Termos e condicións de uso
 - Pago seguro
- Redes sociais
- Menú Superior (Categorías)
- Información de seguridade e confianza
- Módulo banner
- Módulo Bloque de texto.

Establece a posibilidade de que os clientes poidan elixir entre tres idiomas (aconséllanse español/galego/inglés)

Crea unha conta para que un novo usuario poida xestionar a tenda establecendo permisos que consideres oportunos (Admin/Encargado/Vendedor)

Configura métodos de pago (mínimo transferencia bancaria)

Configura transportistas: Como mínimo debes establecer un transportista para o envío das mercancías ademais de dar a opción de recollida en tenda.

Catálogo: Mínimo 10 produtos e 2 categorías. Na tenda deberán incluírse como mínimo 10 artigos distribuídos en dúas ou máis categorías. No caso do primeiro dos produtos débese cumprimentar toda a información de Axustes Básicos, Cantidades, Transporte, Prezo, Seo, Opcións. (Aconséllase que as imaxes utilizadas sexan libres de dereitos. Exemplo de web con fotos libre de dereitos Pixabay).

Rematada a configuración básica da tenda debe poder facerse unha compra de artigos e completar o proceso.

Unha vez elaborado o traballo o alumnado deberá entregar unha memoria explicativa tipo titoría, con capturas de pantalla na se explique o proceso de creación da tenda e o funcionamento da mesma. Esta memoria debe servir para cualificar o traballo posto que non podemos asegurar a permanencia da tenda no equipo.

A memoria debe entregarse impresa en papel e ademais enviarse nun único documento en PDF por correo electrónico a **mmbccomercio@gmail.com**

Prazo de entrega: Venres 26 de xaneiro.

Nota: Dentro do plan de marketing dixital que elaboraremos a partir do 26 de xaneiro o alumando necesariamente deberá elaborar unha tenda online na que se poida elixir un idioma estranxeiro (aconsellase inglés). A tenda virtual que se empregue pode ser a que elaboras agora engadíndolle a información noutro idioma e poñéndoa a funcionar online.

Crterios de cualificación do traballo:

- 40%.- Modificación do tema de acordo cos mínimos establecidos.
- 40% .- Presentación e comprensión e contido da memoria.
- 15%.- Introducción de outros apartados non incluídos na configuración básica.
- 5%.- Utilización de imaxes axeitadas e libres de dereitos.